



falaRedes

programa de dinamización lingüística

VOA, VOA

O programa FalaRedes de dinamización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística chega á súa novena edición logo da fin das restricións impostas pola crise da covid-19, e faino con *Voa, voa*, unha peza deseñada por Talía Teatro.

Esta primeira actividade do FalaRedes 2020 foi creada para os máis pequenos da casa, pero fará as delicias de toda a familia. *Voa, voa* é unha peza pensada para lembrar e divulgar a arte de xogar coas palabras; para animar a nais, pais, avoas e avós a lembrar os seus xogos de infancia e o vocabulario que neles había e enredaren coa xente miúda de hoxe empregando os ditos, retrousos, xogos de man... que chegaron a eles transmitidos xeración tras xeración e cos que tanto se divertiron de pequenos.

*Todas as tardes despois de merendar Xoana baixa a xogar ao parque. Alí coincide con Anxo, un neno introvertido que prefire estar na casa vendo a tele. Pouco a pouco vai entrando nos xogos que lle propón Xoana, todos aqueles xogos que lle ensinou a súa avó. Escrita e dirixida por Artur Trillo e con deseño gráfico de Fausto Isorna, *Voa, voa* conta no escenario con María Ordóñez e Toño Casais.*

Nun mundo onde a tecnoloxía non só transformou as comunicacións senón tamén a forma de xogar, *Voa, voa* axudará a poñer en valor os xogos populares estimulando a súa recuperación e homenaxeando a xeración das avoas e avós como transmisores do coñecemento. Ao tempo, o espectáculo fomenta a socialización e a aprendizaxe de valores de respecto, tolerancia e igualdade.

Coma sempre no FalaRedes, a entrada a todas as funcións é libre e de balde ata completar a capacidade dos espazos programados. Toda a información sobre a novena edición está dispoñible no Portal da Lingua Galega <http://www.lingua.gal/FalaRedes> e na Axenda de Cultura de Galicia.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

VOA, VOA

XULLO

- Mércores 15: **Cee**, na Casa da Cultura, ás 20:00 horas
- Xoves 16: **Cee**, na Casa da Cultura, ás 12:00 horas
- Venres 17: **Noia**, no Teatro Coliseo Noela, ás 21:00 horas
- Sábado 18: **Carral**, no Local Social Xente Nova de Tabeaio, ás 21:00 horas
- Domingo 19: **A Laracha**, no exterior da antiga reitoral de Caión (no pavillón municipal de Caión, no caso de choiva), ás 20:00 horas
- Xoves 23: **Moraña**, no exterior da Casa da Cultura (no a Centro Sociocultural Multiúsos, no caso de choiva), ás 19:00 horas
- Venres 24: **Guntín**, na Casa da Cultura, ás 12:30 horas
- Martes 28: **Foz**, no pavillón do colexio nº1, ás 21:00 horas
- Mércores 29: **Vedra**, no campo da festa de San Miguel de Sarandón (na nave da estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla, no caso de choiva), ás 21:00 horas
- Xoves 30: **Portas**, no anfiteatro da Azucreira (no auditorio da Azucreira, en caso de choiva), ás 11:30 horas
- Venres 31: **O Carballiño**, no parque municipal (no pavillón do CEIP Calvo Sotelo, en caso de choiva), ás 11:30 horas

AGOSTO

- Mércores 5: **O Pereiro de Aguiar**, na praza do Concello (no centro de día municipal dos Gozos, en caso de choiva), ás 19:30 horas
- Xoves 6: **A Estrada**, no Teatro Principal, ás 12:00 horas
- Venres 7: **Ribadavia**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 20:00 horas
- Sábado 8: **Triacastela**, no polideportivo, ás 19:00 horas
- Domingo 9: **Muros**, na praza do mercado (no Centro Cultural e Xuvenil, no caso de choiva), ás 21:30 horas



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021



Rede de
Dinamización
Lingüística

AGADIC



Arencia Galega das
Industrias Culturais